



Boletín xaneiro - abril 2023



tod@ nen@ merece unha familia... ou dúas



Sabías que:

- En febreiro cumpríronse 3 anos dende o rexistro de **Acougo** como entidade de iniciativa social? Aínda que levamos soñando con esta asociación moito máis tempo.
- O acollemento familiar é a mellor medida de protección á infancia? E isto non só o dicimos nós, está no código civil, en convencións das Nacións Unidas, en múltiples leis e decretos internacionais, estatais e autonómicos.
- Seguimos a ter un número elevadísimo de nenos, nenas e adolescentes institucionalizados en España? E que España se constitúe como o terceiro país da Unión Europea con máis NNA institucionalizados.
- Está prohibido por lei que as crianzas menores de 3 anos vivan en centros residenciais? E que antes do 2026 ningunha crianza menor de 6 anos poderá estar institucionalizada, e antes do 2030, ningunha menor de 10 anos? Con todo, os datos están moi lonxe desta realidade... **E temos moito traballo por diante.**



En acougo non nos cansamos de poñer o foco no “interese superior da infancia e adolescencia do sistema de protección”, e de velar por dous dos dereitos fundamentais: o de “medrar en familia” e “coñecer as súas orixes”

Co obxectivo de achegar á sociedade esta realidade dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, ao tempo que traballar con eles e coas familias, nestes catro primeiros meses do ano ACOUGO:

Presentou os seus proxectos aos concellos de Boimorto, Cerceda e Vimianzo; sendo xa un total de 66 concellos os visitados en Galicia durante estes anos.


Impartiu 2 charlas informativas de sensibilización sobre o acollemento familiar en Rábade e Padrón.

Fixo formación a alumnado de 4 centros educativos:

- CIFP Compostela. Santiago
- CEIP Armenteira. Meis
- IES Félix Muriel. Rianxo
- CEIP Juana De Vega. Oleiros



Acompañou e atendeu a 234 familias:



Fomentou as **“Xuntanzas en Familia”** nos concellos de Allariz, Sada e Mos, onde familias acolledoras, interesadas e sensibilizadas co acollemento se achegan para compartir unha charla-café mentres se abordan temas de interese.

Ofrecimos **formación aos nosos 30 voluntarios** e comezamos con eles a acompañar aos nenos, nenas e adolescentes en acollemento residencial, facendo **4 saídas de ocio positivo** súper divertidas e que axudaron a xerar vínculos e referentes para eles, a visibilizar a súa realidade e a mudar a visión de todos e cada un dos participantes:

- Paseo por Compostela
- Subida ao Monte Viso
- Bailando coa orquestra París de Noia no Milladoiro.
- Obradoiro de malabares e gala de circo no Auditorio de Galicia.



Facilitamos **encontros entre grupos de irmáns que viven en distintas familias**, para que fortalezan os seus vínculos e disfruten de tardes de ocio xuntos, ao tempo que as súas familias disfrutan dunha tarde de respiro. Foron 6 tardes de parques, merendas e xogos, de visitas á cidade da cultura, de teatro,...



Tarde de ocio

Fixemos actividades divertidas, de sensibilización e de aprendizaxe para toda a familia e para todas as familias interesadas.



É todo sempre cun fantástico servizo de conciliación. Todas as nosas actividades con familias ofrecen un servizo de conciliación familiar que facilite asistencia familiar e xere lazos entre as crianzas. É un servizo profesionalizado e apoiado polo voluntariado.



Tarde de aprendizaxe

Espectáculo con música e teatro para aprender a querer-se: Guá! Prevención do maltrato e do abuso infantil. Por Tero Rodríguez & Barahúnda.



Tarde de sensibilización

Conto musicado por Iolanda Eiras.

A través dos ollos dunha nena, “Fogares de Cores” amósanos unha fiestra dende a que podemos ver a diversidade de familias que coexisten na nosa sociedade e incide na importancia de vivir en familia.

Participamos no acto de constitución do Consello da Infancia e da Adolescencia, no que Acougo ten representación co seu **grupo de participación infantil**.



E tamén asistimos a distintos actos que nos permiten seguir avanzando, innovando, formándonos, creando novos lazos; e participando en actos públicos.

- **Conferencia Barnahus:** Barnahus como modelo de atención integral a la infancia víctima de violencia sexual. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. Madrid
- Participación en **“O Noso Reto Solidario”**. Innovación e colaboración no sector social de Galicia.
- Asistencia ao Networking **“A innovación social como panca do benestar da sociedade galega”**.
- Presentación **Programa FSE + Galicia 2021-2027**.



Xa nun plano máis técnico, continuamos coas reunións con diferentes entidades do ámbito social. Establecermos redes e sinerxias ao redor do acollemento familiar é fundamental para avanzar.

- Fundación María José Jove - USC. Dr. Fernando Portomeñe
Responsables dos Centros Residenciais de Dignidade en Lugo.
- Asociación Galega de Familias Numerosas AGAFAN.
- Cooperación Internacional para el Desarrollo en Galicia.
- Consellería Medio Rural.
- Centro de Menores Trinitaria.
- Centros Arela.
- Asociación Petales.
- Mandala.



Comeza xa a funcionar o noso **Banco De Recursos**: Trátase dun servizo de préstamo ás familias acolledoras e de orixe para facilitarles a adquisición de roupa e enseres necesarios para a crianza.

Continúa o proxecto de **Familias Plus** nos concellos de Ames e A Coruña. Búscanse familias con ganas de axudar a outras familias!!



- A exposición sobre Acougo que estivo varios meses na **Xunta de Galicia**, xa está lista para viaxar polos Concellos de Galicia!
- Traballamos con moita ilusión no proxecto “**Un curso en familia**”, que pretende dar a oportunidade a un/unha adolescente que vive nun centro residencial para que teña unha alternativa familiar durante un curso escolar, que lle sirva de apoio e referente na súa vida.

Acougo nos medios



Todo o noso traballo faise eco na nosa páxina web, redes sociais e canles de YouTube.



Os medios de comunicación tamén o recollen. Nestes meses fixemos varias entrevistas:



elCorreoGallego.es

Campaña de socios

Continuamos crescendo! Xa somos 67 familias socias apoiando este proxecto! Neste primeiro cuadrimestre aumentamos en 15 o noso número. Queres unirse? Non precisas ser familia acollidora, só unha **Familia Amiga do Acollemento Familiar**. [Únete aquí!](#)

Campañas de recadación de fondos

En **Acougo** lanzamos varias campañas durante o ano para axudarnos a sufragar todos os gastos que nos supoñen estes proxectos.

Podedes coñecelas [nesta páxina](#).



Neste boletín queremos presentarvos o reto solidario que **Juan Santarén** fará o día 10 de xuño. Nadará 27km na “Batalla de Rande” polo acollemento familiar.

[Queres apoialo? Queres apoiarnos?](#)





Doazóns Xaneiro - Abril:

- **Bertamiráns, Ames:** Secretos de tocador, Ámbito, Gimnasio Boom, O Fogar do Larpeiro, Nails, Bar Tropic, Restaurante Vacavella, Pixelin Photo, Zapatería Pisa Morena, Peluquería Canina Canela's, Cousa Linda, A Mona Ramona, Nespra Común, Larpeiros, Mesón D'Noe, Fotógrafo Troitiño, Amelie, Café Davila, Cafetería Petiscos, Inmobiliaria Bertamiráns, Organza.
- **Noia:** Zapatería Pisa Morena.
- **Milladoiro, Ames:** Chino Milladoiro, Joyería Azabache.
- **A Estrada:** Librería Marxe, Muebles el Zar, Marta Cerqueiro Souto, Leibra, Soei Educación, Chus Iglesias Asesoría, Restaurante Andalucía.
- **Camariñas:** Asesoría Lema.
- **Santiago:** Cousa Linda, Cestaños, Jefatura, Pizzería Santoro, La tienda de María, A Nave de Vidán, Juguetería Sabarís, La Reina de Saba, Abrollos, Estudio 20, Cafetería Solpor.
- Recaudación solidaria en favor de Acougo, de **Herbalife Galicia**.

Novas colaboracións Xaneiro - Abril:

Gimnasio Boom, Dadiana (Lenguaje de Signos), Óptica San Luis, Clínica Dental Rueiro, Arte nas túas mans - Araceli Ramos, Parque infantil A Mona Ramona, Combo Dominicano.



Día mundial do Acollemento Familiar

Dende Acougo enfocámonos en garantir que se cumpran as metas que existen para o acollemento familiar en España, entre as que se inclúen:

- Promover o acollemento familiar en todas as súas modalidades como medida prioritaria fronte a outras alternativas de protección, como a institucionalización.
- Proporcionar un apoio e seguimento adecuado ás familias acolledoras, para que poidan ofrecer un ambiente seguro e afectivo ás persoas acollidas.
- Garantir a atención individualizada e participación activa das crianzas, e asegurar o respecto aos seus dereitos en cada momento do proceso.
- Facilitar a reunificación familiar sempre que sexa posible e vaia a favor do interese superior da infancia.
- Garantir a supervisión e o seguimento continuo dos procesos de acollemento, para asegurar o benestar e a protección das crianzas e adolescentes.
- Promover a sensibilización e concienciación social sobre a importancia do acollemento familiar e a protección da infancia.

Cómo podes axudar?

- **3 cariñas sorridentes: 0 31 DE MAIO** debuxa 3 cariñas sorridentes nos teus dedos índice, corazón e anular.
- **Deixa voar a túa imaxinación:** Fai unha foto bonita e creativa.
- **Comparte sen parar** nas túas redes sociais cos hashtags: #worldfosterday, #DiaDelAcogimiento Familiar, #DiaDoAcollementoFamilia, #acollementofamiliar

Non esquezas etiquetar @aseaf_isn e @acougo.gal e invitar ás túas amizades a participar. Contamos contigo!





tod@ nen@
merece unha
familia...
ou días



Rúa Manuel María, 6. 15705
Santiago de Compostela
+34 622 672 188
acougo.gal
@acougo.gal

